

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A UNIVERSIDADE DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA REALIZAR ACTUACIÓNS DE DIFUSIÓN, PROMOCIÓN E APOIO AO EMPRENDEMENTO NA COMUNIDADE UNIVERSITARIA, INTEGRADAS NO PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES DO CENTRO DE ORIENTACIÓN, EMPRENDEMENTO, ACOMPAÑAMENTO E INNOVACIÓN PARA O EMPREGO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

**REUNIDOS**

Dunha parte, José González Vázquez, conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do *Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia* (DOG núm. 73, do 14 de abril), no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da *Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia*.

Doutra parte, Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (en diante USC), con NIF Q1518001A, nomeado por Decreto 35/2022, do 17 de marzo (DOG núm. 56, do 22 de marzo), no exercicio das facultades que lle confire a *Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario* e o *Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Santiago de Compostela* (DOG núm. 29, do 12 de febreiro).

Doutra parte, Ricardo José Cao Abad, reitor magnífico da Universidade da Coruña (en diante UDC), con NIF Q6550005J, nomeado por Decreto 1/2024, do 11 de xaneiro (DOG núm. 10, do 15 de xaneiro), no exercicio das facultades que lle confire a *Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario* e o *Decreto 101/2004, de 13 de maio, polo que se aproban os estatutos da Universidade da Coruña* (DOG núm. 100, do 26 de maio), modificado por Decreto 194/2007, do 11 de outubro.

E doutra parte, Manuel Joaquín Reigosa Roger, reitor magnífico da Universidade de Vigo (en diante UVigo), con NIF Q8650002B, nomeado por Decreto 110/2022, do 9 de xuño (DOG núm.

117, do 20 de xuño), no exercicio das facultades que lle confire a *Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario* e o *Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Vigo* (DOG núm. 38, do 22 de febreiro).

As partes, que interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para actuar en nome das entidades que representan, teñen conferidas,

## EXPOÑEN

1. A *Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia*, no seu artigo 29, atribúelle á Comunidade Autónoma, en concordancia co artigo 149.1.7 da *Constitución Española*, a competencia para a execución da lexislación do Estado en materia laboral, asumindo as facultades, funcións e servizos correspondentes a este ámbito.

De acordo co previsto no artigo 1 do *Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración* (DOG núm. 101, do 27 de maio), a esta Consellería lle corresponden, entre outras competencias, propor, deseñar, coordinar e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito laboral e do emprego, que engloba, entre outras, as competencias en materia de políticas activas de emprego, emprendemento, emprego autónomo, cooperativas e outras entidades de economía social, formación para o emprego, orientación e colocación, intermediación laboral, así como política laboral, relacións laborais, seguridade e saúde laboral e responsabilidade social empresarial.

Consonte o artigo 19 do dito Decreto 147/2024, como órgano superior da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, correspóndelle á Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais a dirección, coordinación, control e execución das competencias da Comunidade Autónoma en materia de apoio, fomento e mantemento do emprego, traballo autónomo, cooperativas e economía social, apoio á integración laboral das persoas con discapacidade ou en situación de vulnerabilidade e formación profesional para o emprego en toda a súa extensión; a dirección das competencias da Comunidade Autónoma en materia de emprendemento e a coordinación das atribuídas a outros órganos, así como a promoción de

políticas públicas e programas que impulsen, promocionen e apoiem a cultura emprendedora; a dirección e xestión das funcións atribuídas á Consellería en materia de fomento do emprego en colaboración coas administracións e institucións públicas e con entidades sen ánimo de lucro.

Tal e como establece o artigo 43 do Decreto 147/2024, a Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, como órgano de dirección directamente dependente da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais, asumirá, entre outras funcións, as competencias de apoio ao emprendemento durante todas as fases da actividade emprendedora, tanto as actuacións necesarias para o comezo da actividade como a súa realización efectiva posterior, e incluírá a implementación e mantemento, con servizos de asesoramento, mentoría (mentoring), así como de apoio económico ou doutra índole, ao crecemento e o mantemento do emprego, e cantas funcións lle sexan atribuídas por parte da persoa titular da Secretaría Xeral e, en particular, a coordinación coas restantes direccións xerais da Consellería, así como cos outros centros directivos ou organismos da Comunidade Autónoma en todo canto se trate de actuacións vinculadas ao emprendemento, crecemento e mantemento de emprego. Na mesma liña, esta Dirección Xeral asume a colaboración e a coordinación das diferentes actuacións con outros axentes territoriais, organismos, institucións públicas e privadas de ámbito nacional, autonómico e local vinculadas ou que realicen actividades de fomento ao emprendemento e apoio ao emprego. Polo tanto, con carácter xeral, encárgase de apoiar e promover calquera tipo de actividade que contribúa ao emprendemento en Galicia.

**2.** Nas sociedades avanzadas, constitúe un obxectivo prioritario da axenda pública o impulso de proxectos territoriais que faciliten a transformación produtiva, aborden o reto demográfico e promovan a creación de emprego que contribúa a fixar poboación, especialmente no ámbito rural e nos seus pequenos municipios, dinamizadores do desenvolvemento local sostible.

Por este motivo, a Xunta de Galicia ten como un dos seus principais obxectivos o impulso de medidas para fomentar o emprendemento e apoiar ás persoas emprendedoras como axentes dinamizadores da economía na Comunidade Autónoma, dada a súa contribución esencial á xeración de riqueza e emprego.

Desta aposta da Xunta polas iniciativas en materia de emprendemento resultou o recoñecemento de Galicia como Rexión Emprendedora Europea 2025, outorgado polo Comité Europeo das Rexións. Este premio implica un estímulo para avanzar nunha maior equidade territorial, no impulso de iniciativas emprendedoras na Galicia non urbana, na diversificación das actividades económicas que se desenvolven neste contorno e no fortalecemento da colaboración do ecosistema emprendedor.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración vén despregando, dende o ano 2022 e por todo o territorio galego, a Rede de Polos de emprendemento e apoio ao emprego de Galicia, nos que se desenvolven actuacións de incubación de proxectos de emprendemento e formación dirixida a persoas emprendedoras, cun apoio personalizado para acompañar e impulsar proxectos, reforzando as oportunidades de mellora e tecendo no territorio unha rede de intercambio de coñecementos e experiencias, a través de sinerxías de colaboración e axuda mutua entre as persoas emprendedoras, que redunda no empoderamento, a valorización do rural, a innovación, a sostibilidade e o compromiso co territorio.

A devandita Rede está formada por quince polos de emprendemento e apoio ao emprego, situados nos concellos de Coristanco, Ferrol, Melide, A Fonsagrada, Friol, Mondoñedo, Monforte de Lemos, Sarria, Baños de Molgas, O Barco de Valdeorras, O Carballiño, Verín, Porriño, Silleda e Vilanova de Arousa. A Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social asume a xestión directa e indirecta e a coordinación da Rede de Polos de emprendemento e apoio ao emprego de Galicia.

**3.** O instrumento financeiro *NEXT GENERATION EU*, aprobado polo Consello Europeo o 21/07/2020, inclúe como elemento central o *Mecanismo de Recuperación e Resiliencia* (MRR), cuxa finalidade é apoiar o investimento e as reformas nos estados membros para lograr unha recuperación sostible e resiliente, fronte as consecuencias económicas e sociais derivadas da pandemia da Covid-19, permitindo levar a cabo reformas tanto a nivel nacional como en cogobernanza coas comunidades autónomas con competencias transferidas. O *Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia para España* (PRTR) acordado polo Consello de Ministros, foi aprobado pola Comisión Europea con data do 16/06/2021.

Dentro deste plan e, en concreto, na política de panca VIII, o Investimento 5 (obxectivo CID 347 de implantación da rede de centros públicos de orientación, emprendemento, acompañamento e innovación para o emprego) refírese á *Gobernanza e impulso ás políticas de apoio á activación para o emprego*, e se encadra na compoñente 23: *Novas políticas públicas para un mercado de traballo dinámico, resiliente e inclusivo*, no marco das reformas para impulsar as políticas activas de emprego. Así, co obxecto de dispoñer dun sistema de orientación, emprendemento, acompañamento e innovación para o emprego que actúe de forma coordinada no territorio nacional, asinouse un protocolo para a creación dunha Rede de Centros Públicos de Orientación, Emprendemento, Acompañamento e Innovación para o Emprego que se inclúe no proxecto C23.I05.P01 financiado con fondos *NEXT GENERATION EU*.

A finalidade desta rede de centros é a de servir de espazo para impulsar proxectos innovadores que reduzan o desemprego, fomenten a inserción laboral, o emprego de calidade e o apoio ás persoas emprendedoras e, en suma, contribúan a reforzar a colaboración entre o Estado e as comunidades autónomas nunha maior vinculación entre as súas políticas activas e de promoción ao emprego, prestando un servizo de acompañamento no ciclo vital dos proxectos empresariais. A rede de centros que instrumentaliza eses obxectivos (Rede COE) estará formada por un total de 20 centros: un centro por Comunidade autónoma, un por Cidade autónoma e un de carácter estatal.

As actividades da Rede de COE se establecen no Programa Anual de Traballo (PAT) de cada un dos centros, no que se determina o alcance e as características dos traballos a desenvolver para dar resposta ás funcións asignadas no artigo 88 do *Real Decreto 818/2021, do 28 de setembro, polo que se regulan os programas comúns de activación para o emprego do Sistema Nacional de Emprego*, e entre as que destaca o deseño de modelos de emprendemento e aplicación de proxectos piloto (artigo 88.1, letra d).

Na proposta do Programa anual de Traballo do COE Galicia para o ano 2025 está incluída a acción COEGAL25d05 definida como *Promoción do talento e do espírito emprendedor na comunidade educativa. Premios a proxectos emprendedores e feiras de emprego e emprendemento*, que agruparía unha serie de actividades orientadas ao establecemento dunha contorna de referencia que facilite unha acción coordinada coas universidades de Galicia, coa finalidade de potenciar e rendibilizar os recursos, metodoloxías, técnicas e

procesos dirixidos á promoción do emprendemento, ao desenvolvemento do espírito empresarial e ao fomento da innovación na comunidade universitaria.

**4.** En setembro do 2024 a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración iniciou un programa piloto que se caracteriza por establecer unha conexión entre proxectos emprendedores integrados na Rede de Polos de Galicia con traballos de fin de grao e traballos de fin de máster de estudantes universitarios/as, a través da plataforma U4IMPACT.

A finalidade deste programa é o impulso de proxectos empresariais xunto co talento universitario, priorizando o valor estratéxico que o estudantado universitario aporta ao emprendemento; todo isto co obxectivo de dar resposta aos imperativos actuais de innovación, sostibilidade e impacto social, e atendendo ás necesidades operativas dos/as emprendedores/as.

O impacto positivo deste piloto, tanto na comunidade emprendedora como na comunidade universitaria puxose de manifesto tanto na fase inicial de convocatoria, coma nos resultados obtidos.

**5.** Pola súa parte, as tres universidades asinantes desenvolven actividades de estudo, docencia, investigación e extensión universitaria, identificando as demandas sociais e a problemática existente, para coordinar accións e reorientar a súa actividade partindo da interacción co actual escenario.

Neste senso, as tres universidades manifestan a súa vontade de participar en programas relacionados co emprendemento e a captación do talento. A USC, a UDC e a UVigo manteñen un compromiso co emprendemento como unha das principais vías de capacitación profesional e desenvolven actuacións para a promoción do espírito emprendedor dirixidas á comunidade universitaria. A innovación e o progreso sostible configúranse actualmente como elementos fundamentais para a creación de emprego dentro da sociedade do coñecemento.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e as tres universidades asinantes

consideran que a chave do progreso económico na sociedade do século XXI reside na innovación e o coñecemento, sendo o talento das persoas o vehículo que as impulsa e lles proporciona unha orientación práctica. Dado que o emprendemento é unha das formas de explotar o talento, toda actuación que favoreza a posta en marcha de iniciativas e proxectos impulsará a actividade económica e social e redundará nun impacto positivo, non só nas persoas participantes, senón tamén na cidadanía.

**6.** Á vista destes precedentes, en abril de 2024 esta Consellería asinou un convenio coa USC, coa UDC e coa UVigo para a realización dunha serie de actividades de difusión, promoción e apoio á actividade emprendedora na comunidade universitaria. Esta experiencia previa, así como o éxito das accións desenvolvidas, acredita o especial coñecemento das universidades nas actuacións que se pretenden levar a cabo en virtude do presente convenio.

**7.** O contexto actual de control do gasto público no ámbito da Administración conleva a adopción de medidas de xestión eficiente dos recursos dispoñibles.

No ámbito das políticas activas de emprego, a *Lei 3/2023, do 28 de febreiro, de Emprego*, no seu artigo 32, recolle a posibilidade de xestionar as accións e medidas de políticas activas de emprego, entre outras opcións, mediante a subscripción de convenios ou calquera outra forma xurídica axustada a dereito.

O artigo 19.4.a) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia* e, no mesmo senso, os artigos 36.a) e 37 do *Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, prevén a concesión directa de subvencións previstas nominativamente nos orzamentos xerais da comunidade autónoma. En base á mencionada normativa, este convenio coa USC, UDC e UVigo atópase recollido nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade autónoma para 2025, aprobados pola *Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025*.

Dado o carácter singular das actuacións que se van desenvolver en base a razóns de interese social e ao interese prioritario de establecer unha colaboración o máis estreita posible entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e as tres universidades públicas galegas,

estímase xustificada a subscrición deste convenio, posto que a USC, a UDC e a UVigo contan con experiencia acreditada e resultan axentes especialmente idóneos para unha mellor difusión da cultura emprendedora entre a comunidade universitaria, estimándose xustifico o seu financiamento.

Con esta colaboración garántese un mellor cumprimento dos fins das entidades asinantes en beneficio da sociedade galega, xa que a promoción de iniciativas innovadoras no eido do emprendemento resulta do interese das partes.

En virtude do anterior, e tendo en conta que a USC, a UDC e a UVigo cumpren cos requisitos establecidos para obteren a condición de beneficiarias, segundo o artigo 10 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, as partes acordan subscribir o presente convenio de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### **Primeira. Obxecto do convenio**

O obxecto do convenio é establecer as condicións polas que se rexe a concesión dunha axuda por parte da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración á Universidade de Santiago de Compostela, á Universidade da Coruña e á Universidade de Vigo, para financiar actividades de difusión, promoción, apoio e fomento do emprendemento na comunidade universitaria. Estas actividades deberán desenvolverse nunha contorna de referencia que facilite a acción coordinada entre as partes e de acordo coas súas respectivas competencias.

Este convenio comprende actuacións de promoción do emprendemento en todas as súas versións (mocidade, muller, emigración de retorno...) e tratarán os retos que presentan as actuais circunstancias (igualdade de oportunidades, emprego de calidade, envellecemento demográfico, despoboación do medio rural,...), cunha especial atención ao impacto das iniciativas emprendedoras no territorio.

## **Segunda. Actividades a desenvolver**

De acordo coas directrices establecidas pola Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, a USC, a UDC e a UVigo levarán a cabo as seguintes actividades no eido do emprendemento:

### **1. Premios universitarios ao emprendemento**

Coa finalidade de dar visibilidade ás liñas de investigación e traballo das universidades neste campo, cada universidade organizará no seu ámbito unha convocatoria de premios ao emprendemento.

Cada universidade convocará a concesión dun total de 20 premios, distribuídos en dúas categorías:

- Premios a teses doutorais
- Premios a traballos de fin de grao (TFG) ou traballos de fin de máster (TFM)

Os premios outorgaranse en cinco áreas de coñecemento:

- Artes e humanidades
- Ciencias sociais e xurídicas
- Ciencias
- Enxeñerías e arquitectura
- Ciencias da saúde

Cada categoría terá un primeiro premio e un segundo premio en cada unha das cinco áreas de coñecemento. Tamén se outorgará un accésit para todas as áreas. No caso de que nalgunha categoría e/ou área de coñecemento resulte vacante algún premio, a universidade correspondente e a Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social poderán valorar a concesión dun premio adicional noutra categoría e/ou área, nas condicións que esta determine.

Cada unha das universidades asinantes do presente convenio, en coordinación coa Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, establecerá as bases da convocatoria destes

premios. Para a avaliación dos traballos/teses, teranse en conta, entre outros, os seguintes criterios:

- o grao de innovación e creatividade do proxecto;
- a súa viabilidade e o seu potencial de crecemento;
- o impacto económico e social no territorio;
- a creación de emprego;
- o aproveitamento sostible dos recursos locais;
- o seu impacto na fixación de poboación en zonas rurais ou afastadas dos principais núcleos urbanos.

Os importes máximos dos premios serán os establecidos no anexo I deste convenio.

## 2. Programa de impulso do talento novo universitario

Cada unha das universidades asinantes do convenio levará a cabo no seu ámbito un programa que teña por obxecto establecer unha conexión entre traballos de fin de grao (TFG) e/ou traballos de fin de máster (TFM) de estudantes universitarias/os con iniciativas ou proxectos de emprendemento da nosa Comunidade autónoma.

Este programa ten como finalidade construír un marco que poña en relación o ecosistema emprendedor da nosa Comunidade autónoma co talento universitario existente nas tres universidades públicas galegas, posibilitando que os devanditos TFG/TFM dean resposta aos retos e ás necesidades reais de iniciativas empresariais de recente creación ou daquelas que se atopen en proxecto.

O desenvolvemento deste programa incluírá a prestación do asesoramento que sexa preciso para garantir que as propostas se adecúen aos estándares universitarios, así como a necesaria difusión das iniciativas de emprendemento coa finalidade de poñelas en coñecemento do estudantado universitario. Posteriormente procederase á avaliación e selección de TFG/TFM para os proxectos emprendedores. Realizarase un seguimento da execución e dos resultados acadados.

Como mínimo, un 20% dos proxectos participantes deberán provir dalgún dos Polos de

emprendemento e apoio ao emprego repartidos por todo o territorio de Galicia. Podendo ter a súa orixe tamén na universidade e posteriormente enviado aos Polos de emprendemento con compromiso de colaboración.

Cada unha das universidades asinantes do presente convenio establecerá as bases deste programa e deberá remitilas á Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social para a súa validación.

### 3. Actividades de difusión, dinamización, apoio, promoción e fomento do emprendemento na comunidade universitaria

Cada universidade organizará e executará no seu ámbito diferentes actividades de difusión, promoción, fomento, dinamización e apoio ao emprendemento, entre as que se realizará algunha das seguintes:

- Programas destinados ao impulso de ideas emprendedoras que xurdan entre o alumnado universitario, as persoas recentemente graduadas e os demais membros da comunidade universitaria.
- Encontros, xornadas, obradoiros, hackatones, conferencias e actividades de formación en habilidades e competencias emprendedoras, tales como deseño de modelo de negocio, xestión de proxectos, obtención de financiamento, estratexias de marketing e comunicación, etc.
- Actividades de mentorización e tutorización de proxectos, entendidas como asesoramento experto que dea resposta a necesidades concretas en áreas de impacto dentro do negocio.
- Creación de redes de contactos e de intercambio de ideas, coñecementos, boas prácticas e experiencias, para realizar actividades de impulso no ámbito dos sectores máis relevantes de cada territorio e de fomento do emprendemento ligado ao territorio
- Desenvolvemento de plataformas para a xeración de sinerxías e colaboracións entre persoas emprendedoras e estudantes universitarios/as, nas que se incentive a valorización do rural, a innovación, a sostibilidade e o compromiso co territorio, entre outros aspectos.
- Aceleradoras de proxectos emprendedores promovidos polo estudiantado universitario, por persoas recentemente tituladas, por investigadores/as da comunidade universitaria e demais

membros da mesma, co obxecto de validar a aplicabilidade dos proxectos de negocio a unha demanda real do mercado e valorar o potencial impacto económico e social da iniciativa no territorio.

Todas as actuacións derivadas do presente convenio serán obxecto dunha programación previa cuxa configuración asumirá cada universidade no seu ámbito e que presentará ante a Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social con suficiente antelación, indicando os contidos, lugares e datas de realización, programas e anuncios, participación prevista, etc., co obxecto da súa validación por parte desta Administración pública. Calquera modificación terá que ser igualmente acordada por esta Dirección Xeral.

A Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social -ben directamente, ben a través do COE de Galicia e/ou da Rede de Polos- participará activamente nas actividades e eventos que a USC, a UDC e a UVigo realicen no marco deste convenio.

No Anexo II deste convenio establécese, para cada universidade asinante, unha previsión orzamentaria coa distribución do importe a destinar para cada un dos tres grupos de actividades expostos. A contía destinada ao primeiro grupo de actividades (premios universitarios ao emprendemento) constitúe o importe máximo aplicable. De non empregar o importe completo, o restante poderá destinarse ás actividades previstas no terceiro grupo (actividades de difusión, dinamización, apoio, promoción e fomento do emprendemento na comunidade universitaria). Calquera modificación deberá acordarse coa Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social.

### **Terceira. Compromisos das partes**

En virtude deste convenio de colaboración, as partes comprométense a desenvolver coordinadamente, no ámbito das súas respectivas competencias, as actuacións necesarias para o eficaz cumprimento do obxecto do convenio.

As partes se comprometen, ademais, a difundir o espírito innovador e emprendedor que inspira o presente convenio nas súas páxinas web, redes sociais ou calquera outro medio de comunicación, así como a contribuír á xestión e supervisión durante o seu desenvolvemento.

## 1. Compromisos da USC, da UDC e da UVigo:

- a) Difundir e promover o espírito emprendedor e innovador na comunidade universitaria a través das actividades previstas neste convenio.
- b) Facer constar a financiación da Xunta de Galicia e da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración na publicidade que se leve a cabo sobre as distintas actividades.
- c) Asignar os medios persoais e materiais cos que contan e os que resulten necesarios para desenvolver o obxecto do convenio, ademais dos coñecementos e experiencia previa, para o deseño, organización e desenvolvemento das actuacións de difusión, promoción e apoio ao emprendemento. De ser preciso, poderán contratar as colaboracións externas que se precisen para a execución das actuacións establecidas neste convenio.
- d) Achegar coa xustificación os informes e documentos que acrediten fidedignamente o desenvolvemento do obxecto do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos pola Xunta de Galicia.
- e) No desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, a USC, a UDC e a UVigo comprométense a seguir as indicacións proporcionadas pola Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, ben directamente, ben a través do COE de Galicia e/ou da Rede de Polos.
- f) A USC, a UDC e a UVigo comprométense a facer constar en toda presentación pública, así como en todo acto de difusión e publicidade que xeren as actividades obxecto deste convenio – ben sexa impresa, audiovisual ou a través de calquera outro soporte que utilice, incluído internet-, de xeito manifesto e claramente apreciable, a participación da Xunta de Galicia e da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, de acordo co Manual de identidade corporativa da Xunta de Galicia e atendendo ás instrucións que esta lle comunique en cada momento.

2. Compromisos da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración: a Consellería participará co financiamento dos gastos derivados deste convenio, de conformidade co establecido na cláusula cuarta.

#### **Cuarta. Financiamento e gastos subvencionables**

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración achegará a cantidade total de trescentos corenta e tres mil cincocentos euros (343.500,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 14.04.322C.444.1 (código de proxecto 2023 00113) dos orzamentos da Comunidade Autónoma, aprobados pola *Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025*.

A achega económica da Consellería destinarase exclusivamente a cubrir os custos xerados desde o 01/01/2025 ata o 17/11/2025 que sexan precisos para a execución e cumprimento do obxecto do convenio, coa seguinte distribución:

- 114.500,00 € destinados á USC
- 114.500,00 € destinados á UDC
- 114.500,00 € destinados á UVigo

De acordo co disposto no artigo 29.1 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, consideraranse subvencionables os gastos que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido.

En ningún caso os custes superarán o valor de mercado.

Ao abeiro deste convenio, considéranse gastos subvencionables os realizados e pagados entre o 01/01/2025 e o 17/11/2025 que, sen admitir dúbida, respondan á natureza das actividades que está previsto desenvolver (indicadas na cláusula segunda), entre os que se atopan os seguintes:

- Contías dos premios outorgados.

- Gastos de persoal.

Son gastos de persoal a retribución á persoa traballadora, os impostos directos e as cotizacións á Seguridade Social.

Consideraranse custes directos subvencionables ao abeiro deste convenio os gastos do persoal traballador que desempeñe un papel directo no desenvolvemento das actividades recollidas neste convenio.

Tamén terá a consideración de custe directo o gasto do persoal que interveña na execución das actividades do convenio, planificando actuacións, executando ou controlando as actividades operativas, prestando servizos aos/ás destinatarios/as finais, etc.

No caso de que se imputen gastos relativos a persoal que desenvolva as súas funcións en varios proxectos e/ou actividades, a USC, a UDC e a UVigo deberán especificar as tarefas realizadas e o tempo dedicado a estas, así como o criterio para a súa correcta imputación ao convenio, e proporcionarán evidencias relativas á dedicación efectiva.

Se contemplarán como custes indirectos os gastos relativos ao persoal das universidades asinantes que simplemente desempeñe un papel de apoio respecto da execución deste convenio (v.gr. funcións directivas, contables, apoio en materia de contratación, xestión de recursos humanos, tecnoloxía, labores administrativas, etc.).

No que atinxe ás indemnizacións por razóns de servizo derivadas de gastos de desprazamento ou transporte e das dietas de aloxamento e manutención, serán subvencionables as xeradas polo persoal das universidades que estea adscrito ás actividades encadradas no ámbito deste convenio e respecto das cales os seus gastos sexan subvencionables como custes directos.

Os gastos por desprazamento e transporte e por dietas de aloxamento e manutención estarán suficientemente motivados na necesidade de realizar as actividades obxecto do convenio e, en todo caso, deberán estar autorizados pola persoa responsable do convenio de cada universidade.

Os gastos de transporte serán subvencionables sobre a base dos custes realmente soportados e xustificados, tendo en conta a forma máis económica de desprazamento. Nos casos en que se utilice un vehículo privado, o importe relativo á quilometraxe calcularase de acordo coa contía prevista na normativa vixente en materia de indemnizacións por razón de servizo para o persoal con destino na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os gastos por desprazamento e transporte e por dietas de aloxamento e manutención que se imputen a este convenio non poderán superar, no seu conxunto, o 3% do importe total previsto no mesmo.

- Gastos derivados de servizos profesionais relativos ás actividades obxecto deste convenio, así como os gastos de coordinación, xestión e estrutura necesarios para a preparación e execución das ditas actividades. Estes gastos serán subvencionables sempre que sexan determinados ou determinables e directamente relacionados coa realización das ditas actividades.

- Gastos de aluguer e gastos de acondicionamento dos espazos para o desenvolvemento das actividades previstas neste convenio que así o precisen, sempre que sexan determinados ou determinables e estritamente necesarios para a súa execución.

- Gastos en material funxible, artigos de consumo, subministracións e servizos, complementarios das concretas actividades (cátering, material didáctico, medios de apoio, publicidade, ...). Estes gastos serán subvencionables sempre que sexan determinados ou determinables e necesarios para a execución das actividades previstas neste convenio.

- Gastos derivados das prácticas remuneradas en empresas mediante a fórmula de bolsas ou outras.

- Custes indirectos.

Para os efectos deste convenio, entenderase por custes indirectos os derivados daqueles gastos que, sen manter unha relación directa coa execución das concretas actividades que

nel se prevén, no entanto, considéranse imprescindibles para a súa correcta preparación e execución (entre outros, gastos financeiros, de asesoramento, de xestión, gastos en subministracións de luz, teléfono, internet, ...). Tamén terán a consideración de custes indirectos os referidos no apartado relativo aos gastos de persoal.

Para a financiación dos custes indirectos aplicables ao obxecto deste convenio fíxase unha porcentaxe a tanto alzado do 10 % sobre os custos directos elixibles.

En relación cos tributos e de acordo co artigo 29.8 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, estes son gasto subvencionable cando a persoa beneficiaria da subvención os aboa efectivamente. En ningún caso considéranse gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

Poderán modificarse as partidas das diferentes actividades recollidas no anexo II ata un 10% da cantidade total do convenio por universidade.

### **Quinta. Xustificación e pagamento**

A USC, a UDC e a UVigo deberán remitir á Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, ata o 18/11/2025, cadansúa documentación xustificativa da actividade desenvolvida e dos gastos realizados. A presentación da dita documentación realizarase por vía telemática, de acordo co artigo 14 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas*.

A USC, a UDC e a UVigo xustificarán a contribución efectuada pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, mediante a seguinte documentación:

a) Certificación expedida pola Intervención da correspondente universidade ou polo órgano que teña conferidas as facultades de control da toma de razón en contabilidade da axuda concedida, do cumprimento da finalidade do convenio suscrito, coa aplicación dos fondos destinados a tal efecto.

b) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento do convenio, con indicación das

concretas actividades realizadas, o número de persoas participantes en cada unha (desagregado, como mínimo, por sexo e idade), proxectos e traballos apoiados, premios outorgados e resultados obtidos. Nesta memoria incluíranse evidencias do traballo desenvolvido. A memoria remitirase tamén en formato editable.

c) Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

- Unha certificación expedida pola Intervención da correspondente universidade ou polo órgano que teña conferidas as facultades de control da toma de razón en contabilidade da axuda concedida, na que figure a relación clasificada dos gastos realizados, consonte o modelo que, de xeito orientativo, se recolle no Anexo III deste convenio. Remitirase tamén en formato editable.

- As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados á relación á que se fai referencia no parágrafo anterior. No caso de non achegarse os documentos orixinais, acompañarase unha declaración asinada indicando que estes atópanse en poder da correspondente universidade.

- A documentación acreditativa do pagamento efectuado, consistente en xustificante de transferencia ou certificación bancaria, debendo figurar claramente identificados o/a emisor/a e o/a receptor/a do pagamento. Non se admiten os pagos en efectivo.

- A documentación acreditativa dos gastos realizados con medios ou recursos propios.

- En relación cos gastos de persoal, deberán achegar a seguinte documentación:

- i. Unha relación do persoal que se adscriba á realización das actividades realizadas en virtude do convenio, na que se indicarán as funcións efectuadas, o tempo de dedicación e o custe imputado.

- ii. As nóminas, os recibos mensuais de liquidacións de cotizacións da Tesourería Xeral da Seguridade Social, RLC e RNT, así como os xustificantes de pagamento dos salarios e dos impostos e cargas sociais; todo isto referido ao período de vixencia do convenio e en relación cos traballadores/as de cuxos custos solicitan aboamento ao amparo deste convenio.

iii. Con respecto aos gastos de desprazamento ou transporte e ás dietas de aloxamento e manutención, deberán presentarse, segundo corresponda, as correspondentes follas de liquidación, facturas dos gastos e xustificantes de aboamento.

d) Declaración na que figure unha relación detallada doutras axudas, ingresos ou recursos percibidos, procedentes de calquera institución, organismo ou entidade, pública ou privada, nacional, da Unión Europea ou internacional, para financiar as actuacións previstas no convenio. Deberá constar a procedencia e o importe.

En caso contrario, deberán achegar declaración responsable de non ter percibido ningún ingreso aos mesmos efectos.

No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

e) Certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das obrigas fronte á Axencia Estatal de Administración Tributaria, á Axencia Tributaria de Galicia e á Tesourería Xeral da Seguridade Social, todas aos efectos de ser beneficiaria de subvencións.

f) Declaración responsable de non ter ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade autónoma de Galicia.

g) Declaración responsable de non incursión en ningunha das prohibicións de obter a condición de beneficiaria de subvencións, de acordo co establecido na lexislación.

h) Declaración responsable sobre a situación/condición da universidade con respecto ao IVE.

A Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa para acreditar o cumprimento do obxecto deste convenio.

Unha vez que o persoal das unidades dependentes da Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social constate a efectiva realización das actuacións previstas no convenio de acordo coa súa finalidade, e despois de revisar a documentación xustificativa dos gastos imputados, expedirase un informe da verificación realizada. A continuación, tramitarase o pagamento polo importe debidamente xustificado que corresponda a gastos elixibles conforme ao presente convenio.

Para o suposto de que os gastos que se xustifiquen fosen inferiores ao financiamento estipulado na cláusula cuarta e sempre que se cumpra coa finalidade prevista, procederá o pagamento na contía que sexa obxecto de xustificación.

Poderanse realizar pagamentos parciais por un importe de ata o 80% do importe do convenio de acordo co disposto no artigo 31.6 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no 62 do seu Regulamento, que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo da execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada.

Segundo o recollido no artigo 65.4.f) do Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia e en relación co preceptuado nos seus artigos 62.3 e 67, as universidades asinantes deste convenio quedan exoneradas da constitución de garantía.

### **Sexta. Obrigas da beneficiaria da subvención**

Ao abeiro do presente convenio, a USC, a UDC e a UVigo asumen, entre outras, as seguintes obrigas:

- Levar a cabo as actuacións indicadas na cláusula segunda, en virtude das que se desenvolve o obxecto deste convenio, e xustificar a súa realización e o cumprimento da finalidade prevista sen percibir ningunha remuneración por parte das persoas usuarias.
- Realizar a divulgación das actuacións segundo as instrucións que determine a Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social Social -ben directamente, ben a través do COE de Galicia e/ou da Rede de Polos- e facer constar expresamente en toda publicidade,

acto de difusión e presentación pública os logotipos da Xunta de Galicia e da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, consonte o recollido na cláusula terceira deste convenio e, en todo caso, atendendo ás directrices que esta Administración traslade en cada caso.

- Ser titular e suxeito pasivo de todas as obrigas tributarias á Administración, derivadas das accións realizadas en execución do convenio, que impliquen o pagamento de impostos, cotas e retencións.

- Atender as medidas de xestión e coordinación que dispoña a Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social -ben directamente, ben a través do COE de Galicia e/ou da Rede de Polos. Tamén deberá responder ás peticións de información e demais demandas que esta solicite sobre calquera aspecto ou elemento comprendido no obxecto deste convenio.

- Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

- Reintegrar a contía percibida no caso de incumprimento das condicións establecidas no convenio para a súa percepción.

- Tratar dun xeito confidencial toda a información coñecida e datos recibidos directa ou indirectamente en relación co obxecto deste convenio, quedando prohibida a súa revelación, así como o seu uso para outra finalidade sen o consentimento previo da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

- Conservar a documentación xustificativa da aplicación dos fondos percibidos durante un período de 5 anos.

- Poñer en coñecemento desta Administración a obtención doutras axudas, ingresos ou recursos, procedentes de calquera institución, organismo ou entidade, pública ou privada,

nacional, da Unión Europea ou internacional, para financiar as actuacións previstas no convenio. Con carácter xeral, a axuda recollida neste convenio será compatible con outras que se obteñan para a mesma finalidade, sempre e cando non se incorra en dobre financiamento e quede nitidamente identificada a trazabilidade dos gastos. A obtención concorrente doutras axudas, ingresos ou recursos, poderá dar lugar á modificación da contía contemplada no presente convenio.

- Poñer en coñecemento desta Administración calquera circunstancia que modifique as condicións que fundamentaron a concesión desta axuda.

- En virtude do disposto no artigo 4.3 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, subministrar a esta Administración, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no Título I da dita lei por parte da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

- No tocante ás medidas contra a fraude, a corrupción e o conflito de intereses, cómpre facer referencia á canle autonómica de denuncias (<https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias>), ao *Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia* ([https://ficheiros-web.xunta.gal/transparencia/codigo-etico/plan-prevencion-riscos-medidas-antifraude\\_gal.pdf](https://ficheiros-web.xunta.gal/transparencia/codigo-etico/plan-prevencion-riscos-medidas-antifraude_gal.pdf)), ao *Plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración* e aos Plans específicos de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude de cada un dos órganos que configuran a Consellería (<https://transparencia.xunta.gal/integridade-institucional/plans-antifraude>). As devanditas medidas se aplican de modo expreso a este convenio.

- As demais obrigas previstas na lexislación vixente.

### **Sétima. Disponibilidade dos resultados e conclusións das actuacións realizadas**

O diversos datos, análises, estudos estatísticos e participativos e as conclusións e determinacións resultantes en desenvolvemento das actuacións previstas no convenio de colaboración, serán de uso e titularidade común das partes asinantes.

Así mesmo, calquera dereito de propiedade industrial e intelectual sobre o material que resulte das actuacións do presente convenio será de titularidade conxunta das partes asinantes, de xeito que ningunha poida facer uso dos citados dereitos coa oposición dunha das asinantes.

Calquera modificación deberá ser autorizada polas partes asinantes, non obstante a Consellería, no cumprimento dos seus fins institucionais, poderá utilizar libre e gratuitamente os traballos de campo, datos de todo tipo, resultados, análises, informes e conclusións que se deriven das actuacións obxecto do convenio.

En todo caso, nas accións de difusión de datos e informes obtidos pola execución destas accións, farase sempre referencia ao convenio de colaboración subscrito entre as partes.

#### **Oitava. Inexistencia de relación laboral**

A formalización e execución do presente convenio non implicará ningunha relación de carácter laboral nin de calquera outra natureza entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ou calquera organismo ou entidade dependente ou vinculada á mesma, cos/coas profesionais e demais persoas que participen nas accións que constitúen o obxecto deste convenio, de tal xeito que, por este motivo, non se lle poderá esixir a esta Administración ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do seu obxecto.

#### **Novena. Modificación e resolución do convenio**

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda instrumentalizada no presente convenio poderá dar lugar á súa modificación, sendo de aplicación as previsións contidas na *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia* e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

Así mesmo, cómpre estar ao disposto no artigo 31.4 da *Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico*, que establece que os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector

público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigacións ou a ampliación do seu prazo de execución.

A obtención doutras axudas, ingresos ou recursos, procedentes de calquera institución, organismo ou entidade, pública ou privada, nacional, da Unión Europea ou internacional, para financiar as actuacións previstas neste convenio poderá dar lugar á modificación da contía contemplada na cláusula cuarta.

Son causas de resolución deste convenio as seguintes:

- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a súa prórroga.
- O acordo unánime das partes asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Consonte o disposto no artigo 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, producirase a perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, a obriga de reintegro da contía xa percibida no caso de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da citada lei. O reintegro realizarase ao Tesouro da Xunta de Galicia, incluíndo os xuros a que dea lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que esta prevé.

### **Décima. Comisión de seguimento**

Para o debido seguimento do convenio e da súa execución prevese a existencia dunha Comisión de seguimento que estará integrada, por parte da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, por tres (3) persoas representantes da Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social; en representación das universidades, integrarán a comisión unha persoa (1) por cada unha delas, designadas por cada universidade. A Comisión de seguimento reunirase a petición dunha parte, de varias ou de todas.

A actuación da Comisión de seguimento abranguerá a constatación da implantación e efectiva aplicación do previsto no convenio, a solución das controversias suscitadas na interpretación e cumprimento do mesmo, así como a proposta dunha posible revisión, modificación, adecuación ou actualización das súas cláusulas.

A actuación da Comisión de seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da *Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público* e na *Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia*.

### **Décimo primeira. Natureza, réxime xurídico e xurisdición competente**

Este convenio ten natureza administrativa, rexéndose polo establecido nas súas propias cláusulas e polo disposto nas seguintes normas xurídicas:

- *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia;*
- *Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia;*
- *Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións;*
- *Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións;*
- *Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia;*
- *Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno;*
- *Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público;*
- *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas;*
- As demais normas que resulten aplicables.

O obxecto deste convenio non se atopa comprendido en ningún dos contratos regulados pola *Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, de conformidade co establecido no seu artigo 6.*

As dúbidas e controversias derivadas da aplicación, interpretación, modificación, resolución, reintegro e nulidade do presente convenio serán resoltas, en última instancia, pola persoa titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, cuxos acordos porán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos, sendo impugnables ante a xurisdición contencioso-administrativa, de acordo co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-administrativa*.

### **Décimo segunda. Publicidade e rexistro**

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento expreso para que os datos persoais e as demais especificacións que constan no mesmo sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido na *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, no *Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia* e na *Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno*.

A información relativa ao presente convenio comunicárase á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), consonte o preceptuado na *Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións*.

### **Décimo terceira. Protección de datos persoais**

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do *Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos)*, da *Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais*, (en diante, LOPDGDD) e demais disposicións vixentes en materia de protección de datos, en cada momento, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

## **1. Tratamento dos datos persoais das persoas asinantes deste convenio.**

Os datos persoais das persoas asinantes deste convenio serán tratados por cada unha das partes co fin de xestionar a súa formalización e desenvolvemento, sendo imprescindible para iso que inclúan os seus datos identificativos, a representación da capacidade que ostenten, e a súa sinatura. A base lexitimadora do tratamento dos datos persoais das persoas asinantes é o cumprimento dunha misión realizada en interese público baseada na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na necesidade de tratar os devanditos datos para a execución do convenio subscrito. Respecto destes datos persoais sobre os que a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar ante esta o acceso, rectificación e supresión, así como opoñerse ao seu tratamento a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>. Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/informacionxeral-proteccion-datos>.

En canto aos datos persoais das persoas asinantes sobre os que a USC, a UCD e UVigo ostentan a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar da devandita entidade o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento a través dos enderezos sinalados no encabezamento do presente convenio.

Así mesmo, as partes garanten o cumprimento do deber de información previsto no artigo 13 do RXPd respecto do persoal ao seu servizo, propio ou alleo, cuxos datos persoais sexan comunicados entre as partes para a execución dos seus compromisos.

Ademais, a USC, a UDC e a UVigo autorizan á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración a obter, de forma directa, a través de certificados telemáticos, a acreditación do cumprimento das súas obrigas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e coa consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia e organismos ou entidades dependentes ou vinculadas á mesma.

## **2. Tratamento dos datos persoais do persoal da USC, UDC e Uvigo para a xestión da subvención**

A Secretaría xeral técnica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ostentará a condición de responsable do tratamento dos datos persoais recadados para a xestión e tramitación da subvención obxecto do presente convenio, así como daqueles datos persoais aportados polas entidades beneficiarias para a xustificación da devandita subvención. A base lexitimadora para o tratamento destes datos será o cumprimento dunha misión realizada en interese público e o cumprimento dunha obrigaón legal (Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público). Así mesmo, os datos poderán ser comunicados, cando sexa estritamente necesario, a outras Administracións públicas para o exercicio das súas competencias segundo o especificado no presente convenio. As persoas interesadas poderán solicitar, ante o responsable do tratamento o acceso, rectificación, limitación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/es/exercicio-de-dereitos>. Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/es/informacion-xeral-proteccion-datos>.

A USC, UDC e Uvigo comprométense a informar ás persoas interesadas dos extremos establecidos nos parágrafos anteriores.

### **3. Deber de confidencialidade das partes**

As partes asinantes deberán respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos, datos e informacións que lle sexan confiados para a formalización e desenvolvemento do presente convenio. Así mesmo, quedan expresamente obrigadas:

- a utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito deste convenio e para as finalidades previstas nel;
- a non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei, esixindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou que con el colabore na execución do convenio;
- a facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da devandita relación, a quen se comunicará a obrigaón de tratar a información á que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial;

- a aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a forneceu;

Considerarase información confidencial aquela á que as partes asinantes accedan en virtude do presente convenio, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio. Este deber manterase aínda despois de finalizada a relación que vincula ás partes.

#### **4. Tratamento de datos persoais para a xestión das actividades a desenvolver no marco deste convenio**

No que respecta ao tratamento de datos persoais que se leve a cabo para o desenvolvemento das actividades previstas na cláusula segunda deste convenio, as partes comprométense a cumprir co disposto no acordo que se recolle no Anexo IV

#### **Décimo quinta. Vixencia**

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, finalizando a súa vixencia o 30/12/2025.

En calquera momento anterior á finalización do período establecido no parágrafo anterior e de acordo coa lexislación aplicable, as partes poderán acordar a súa prórroga.

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes o asinan en Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

O conselleiro de Emprego, Comercio e  
Emigración da Xunta de Galicia

José González Vázquez

O reitor da Universidade de  
Santiago de Compostela

Antonio López Díaz

O reitor da Universidade da Coruña

O reitor da Universidade  
de Vigo

Ricardo José Cao Abad

Manuel Joaquín Reigosa Roger

## ANEXO I

| PREMIOS UNIVERSITARIOS 2025 AO EMPRENDEMENTO            |           |                        |                                    |            |                              |                      |             |
|---------------------------------------------------------|-----------|------------------------|------------------------------------|------------|------------------------------|----------------------|-------------|
| (cantidades máximas orientativas.                       |           |                        |                                    |            |                              |                      |             |
| Cada universidade pode establecer a contía dos premios) |           |                        |                                    |            |                              |                      |             |
| CATEGORÍAS                                              |           | ÁREAS DE COÑECEMENTO   |                                    |            |                              |                      |             |
|                                                         |           | Artes e<br>humanidades | Ciencias<br>sociais e<br>xurídicas | Ciencias   | Enxeñerías e<br>arquitectura | Ciencias da<br>saúde | TOTAL       |
| TESE<br>DOUTORAL                                        | 1º premio | 1.600,00 €             | 1.600,00 €                         | 1.600,00 € | 1.600,00 €                   | 1.600,00 €           | 8.000,00 €  |
|                                                         | 2º premio | 800,00 €               | 800,00 €                           | 800,00 €   | 800,00 €                     | 800,00 €             | 4.000,00 €  |
|                                                         | Accésit   | 300,00 €               |                                    |            |                              |                      | 300,00 €    |
| TFG/TFM                                                 | 1º premio | 1.000,00 €             | 1.000,00 €                         | 1.000,00 € | 1.000,00 €                   | 1.000,00 €           | 5.000,00 €  |
|                                                         | 2º premio | 500,00 €               | 500,00 €                           | 500,00 €   | 500,00 €                     | 500,00 €             | 2.500,00 €  |
|                                                         | Accésit   | 200,00 €               |                                    |            |                              |                      | 200,00 €    |
| TOTAL                                                   |           |                        |                                    |            |                              |                      | 20.000,00 € |

## ANEXO II

| UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA                                                                             |                             |                     |                     |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------|---------------------|---------------------|
| Actividades                                                                                                        | Gastos subvencionables      | Importe previsto    | Total               |
| 1. Premios universitarios ao emprendemento                                                                         | Premios                     | 13.500,00 €         | 33.500,00 €         |
|                                                                                                                    | Gastos de persoal           | 20.000 €            |                     |
|                                                                                                                    | Subministracións e servizos |                     |                     |
|                                                                                                                    | Outros                      |                     |                     |
| 2. Programa de impulso do talento novo universitario                                                               | Gastos de persoal           | 5.000,00 €          | 20.500,00 €         |
|                                                                                                                    | Subministracións e servizos | 15.500,00 €         |                     |
|                                                                                                                    | Outros                      |                     |                     |
| 3. Actividades de difusión, promoción, fomento, dinamización e apoio do emprendemento na comunidade universitaria. | Gastos de persoal           | 35.000,00 €         | 60.500,00 €         |
|                                                                                                                    | Subministracións e servizos | 25.500,00 €         |                     |
|                                                                                                                    | Outros                      |                     |                     |
| <b>TOTAL</b>                                                                                                       |                             | <b>114.500,00 €</b> | <b>114.500,00 €</b> |

| <b>UNIVERSIDADE DA CORUÑA</b>                                                                                      |                               |                         |                     |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------|-------------------------|---------------------|
| <b>Actividades</b>                                                                                                 | <b>Gastos subvencionables</b> | <b>Importe previsto</b> | <b>Total</b>        |
| 1. Premios universitarios ao emprendemento                                                                         | Premios                       | 15.000,00 €             | 15.000,00 €         |
|                                                                                                                    | Gastos de persoal             |                         |                     |
|                                                                                                                    | Subministracións e servizos   |                         |                     |
|                                                                                                                    | Outros                        |                         |                     |
| 2. Programa de impulso do talento novo universitario                                                               | Gastos de persoal             |                         | 15.000,00 €         |
|                                                                                                                    | Subministracións e servizos   | 15.000,00 €             |                     |
|                                                                                                                    | Outros                        |                         |                     |
| 3. Actividades de difusión, promoción, fomento, dinamización e apoio do emprendemento na comunidade universitaria. | Gastos de persoal             |                         | 84.500,00 €         |
|                                                                                                                    | Subministracións e servizos   | 84.500,00 €             |                     |
|                                                                                                                    | Outros                        |                         |                     |
| <b>TOTAL</b>                                                                                                       |                               | <b>114.500,00 €</b>     | <b>114.500,00 €</b> |

| UNIVERSIDADE DE VIGO                                                                                               |                             |                     |                     |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------|---------------------|---------------------|
| Actividades                                                                                                        | Gastos subvencionables      | Importe previsto    | Total               |
| 1. Premios universitarios ao emprendemento                                                                         | Premios                     | 15.000,00 €         | 20.000,00 €         |
|                                                                                                                    | Gastos de persoal           | 2.500,00 €          |                     |
|                                                                                                                    | Subministracións e servizos | 2.500,00 €          |                     |
|                                                                                                                    | Outros                      | 0                   |                     |
| 2. Programa de impulso do talento novo universitario                                                               | Gastos de persoal, bolsas   | 12.000,00 €         | 20.000,00 €         |
|                                                                                                                    | Subministracións e servizos | 8.000,00 €          |                     |
|                                                                                                                    | Outros                      |                     |                     |
| 3. Actividades de difusión, promoción, fomento, dinamización e apoio do emprendemento na comunidade universitaria. | Gastos de persoal, bolsas   | 30.500,00 €         | 74.500,00 €         |
|                                                                                                                    | Subministracións e servizos | 44.000,00 €         |                     |
|                                                                                                                    | Outros                      | 0                   |                     |
| <b>TOTAL</b>                                                                                                       |                             | <b>114.500,00 €</b> | <b>114.500,00 €</b> |

### ANEXO III

#### CERTIFICACIÓN E RELACIÓN DE GASTOS REALIZADOS

D/D<sup>a</sup>. \*\*\*\*\*, con DNI \*\*\*\*\*, en calidade de \*\*\*\*\* da Universidade de \*\*\*\*\*, ao obxecto de dar cumprimento ao establecido no *Convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo para realizar actuacións de difusión, promoción e apoio ao emprendemento na comunidade universitaria, integradas no Programa anual de actividades do Centro de Orientación, Emprendemento, Acompañamento e Innovación para o Emprego da Comunidade autónoma de Galicia*, certifica que os gastos realizados para o fin previsto ascenden a \*\*\*\*\* €, coa seguinte concreción:

| A. GASTOS PERSOAL |     |          |           |     |                  |                                    |      |                    |                            |                  |                 |                     |
|-------------------|-----|----------|-----------|-----|------------------|------------------------------------|------|--------------------|----------------------------|------------------|-----------------|---------------------|
| Traballador/a     | NIF | Concepto | Función * | Mes | Salario<br>bruto | S.S. a cargo do/a<br>traballador/a | IRPF | Salario<br>líquido | S.S. a cargo<br>da empresa | Custe<br>laboral | %<br>Imputación | Importe<br>imputado |
|                   |     |          |           |     |                  |                                    |      |                    |                            |                  |                 |                     |
|                   |     |          |           |     |                  |                                    |      |                    |                            |                  |                 |                     |
|                   |     |          |           |     |                  |                                    |      |                    |                            |                  |                 |                     |
|                   |     |          |           |     |                  |                                    |      |                    |                            |                  |                 |                     |
|                   |     |          |           |     |                  |                                    |      |                    |                            |                  | <b>TOTAL A</b>  |                     |

\* Función desempeñada de entre os tres grupos de actividades definidos na cláusula segunda

| B. GASTOS ACTIVIDADE |            |     |          |              |                |                |     |      |               |                |                  |
|----------------------|------------|-----|----------|--------------|----------------|----------------|-----|------|---------------|----------------|------------------|
| Nº/Ref. documento    | Provedor/a | NIF | Concepto | Data emisión | Data pagamento | Base imponible | IVE | IRPF | Importe total | % Imputación   | Importe imputado |
|                      |            |     |          |              |                |                |     |      |               |                |                  |
|                      |            |     |          |              |                |                |     |      |               |                |                  |
|                      |            |     |          |              |                |                |     |      |               |                |                  |
|                      |            |     |          |              |                |                |     |      |               |                |                  |
|                      |            |     |          |              |                |                |     |      |               | <b>TOTAL B</b> |                  |

| C. GASTOS DESPRAZAMENTO/TRANSPORTE, DIETAS |            |               |          |                        |              |                |                  |                |                  |
|--------------------------------------------|------------|---------------|----------|------------------------|--------------|----------------|------------------|----------------|------------------|
| Nº/Ref. documento*                         | Provedor/a | Traballador/a | Concepto | Data realización gasto | Data emisión | Data pagamento | Importe total ** | % Imputación   | Importe imputado |
|                                            |            |               |          |                        |              |                |                  |                |                  |
|                                            |            |               |          |                        |              |                |                  |                |                  |
|                                            |            |               |          |                        |              |                |                  |                |                  |
|                                            |            |               |          |                        |              |                |                  |                |                  |
|                                            |            |               |          |                        |              |                |                  | <b>TOTAL C</b> |                  |

\* Documento: factura, formulario de gastos, ...

\*\* Importe total que reflicte o documento. No caso de factura, incluírá o IVE dependendo da situación/condición da entidade asinante do convenio respecto deste imposto

| <b>D. CUSTES INDIRECTOS</b>                               |  |
|-----------------------------------------------------------|--|
| <b>A. GASTOS PERSOAL</b>                                  |  |
| <b>B. GASTOS ACTIVIDADE</b>                               |  |
| <b>C. GASTOS DESPRAZAMENTO/<br/>TRANSPORTE, DIETAS</b>    |  |
| <b>TOTAL</b>                                              |  |
| <b>CUSTES INDIRECTOS IMPUTADOS<br/>(10 % de A + B +C)</b> |  |

## **ANEXO IV**

### **ACORDO DE CORRESPONSABILIDADE NO TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS NA XESTIÓN DAS ACTIVIDADES A DESENVOLVER PREVISTAS NA CLÁUSULA SEGUNDA DO CONVENIO**

#### **1. Obxecto.**

No que respecta á xestión das actividades a desenvolver previstas na cláusula segunda deste convenio, as partes terán a consideración de responsables do Tratamento (en diante, corresponsables do tratamento), conforme ao establecido no artigo 26 do Regulamento xeral de protección de datos (RXPd), así como no artigo 29 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante, LOPdGDD), e no resto de normativa vixente na materia.

#### **2. Obrigacións das partes.**

As partes obríganse a cumprir todas as obrigacións derivadas do RXPd, da LOPdGDD, así como da restante lexislación concordante e vixente en cada momento en materia de protección de datos persoais. Igualmente, comprométense a colaborar entre elas para facilitar o seu cumprimento. As partes recoñecen actuar como corresponsables do tratamento dos datos persoais necesarios para a xestión das actividades a desenvolver previstas na cláusula segunda do presente convenio e ter lexitimidade suficiente para tratalos. As partes comprométense a tratar os devanditos datos persoais unicamente para dar cumprimento ao seu obxecto, tendo en consideración que os datos poderán ser tratados polos corresponsables de acordo cos tratamentos lícitos e previstos nestes casos nas súas respectivas organizacións, fóra do réxime de corresponsabilidade establecido neste acordo. As partes garantirán que cando faciliten datos persoais ao resto de partes farano cumprindo todas as esixencias da normativa vixente. En especial, deberán garantir que estas comunicacións de datos se realizarán dando cumprimento aos principios de licitude, lealdade e transparencia, así como o principio de minimización de datos, e de maneira que se garanta a súa exactitude.

##### **2.1. Deber de Información.**

Cada corresponsable que realice a recollida de datos persoais cumprirá co deber de información ás persoas interesadas esixido nos

artigos 13 e 14 do RXPd e 11 e 26 da LODGGDD, indicando a identidade de todos os corresponsables e a canle para o exercicio dos dereitos recoñecidos ás persoas interesadas nos artigos 15 a 22 do RXPd.

## **2.2. Resposta e xestión do exercicio de dereitos.**

Cada parte será responsable de atender as solicitudes de exercicio de dereitos establecidos nos artigos 15 a 22, ambos inclusive, do RXPd, que correspondan a tratamentos nos que ostenten a consideración de responsable do tratamento. No caso de que unha persoa interesada se dirixa á parte que non dispoña directamente dos datos sobre os que se exercen os dereitos en cuestión, esta remitirá a solicitude de forma inmediata á parte responsable que corresponda. Con todo, as persoas interesadas poderán exercer os dereitos que lles recoñece o RXPd fronte a cada un dos responsables, atendendo ao disposto no artigo 26.3 do RXPd. As partes colaborarán entre si para a adecuada atención dos dereitos das persoas interesadas. Os corresponsables deben comunicar ás outras partes por escrito a recepción das solicitudes de exercicio de dereitos a fin de que poidan resolvelas conxuntamente dentro do prazo establecido legalmente. Será o corresponsable a quen se dirixiu a persoa interesada quen deberá contestarlle por escrito, salvo que as partes acorden outra cousa.

## **2.3. Medidas de seguridade.**

As partes obríganse a implantar as medidas de seguridade técnicas e organizativas adecuadas ao risco para protexer os datos persoais obxecto de tratamento no marco deste acordo, de conformidade co artigo 32 do RXPd, en particular, as medidas de seguridade correspondentes ao previsto no Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade.

## **2.4. Confidencialidade e comunicación dos datos.**

As partes manterán a confidencialidade no tratamento de todos os datos persoais facilitados polas partes e da información, de calquera clase ou natureza, resultante da execución do presente acordo. Os datos de carácter persoal non serán comunicados a terceiros, salvo cando se comuniquen a encargados de tratamento autorizados ou a outros organismos ou Administracións Públicas conforme ao previsto legalmente, esixindo en todo caso idéntico compromiso do persoal, propio ou alleo, ao seu servizo.

## **2.5. Incidentes de seguridade.**

As partes comunicarán aos demais corresponsables, de forma inmediata e implementando as medidas de seguridade necesarias, as violacións da seguridade dos datos persoais das que teñan coñecemento, xunto con toda a información relevante conforme ao previsto no artigo 33 do RXPDP.

Determinarase de forma conxunta o alcance do incidente e se constitúe un risco para os dereitos e liberdades das persoas afectadas, a efectos de decidir se é necesario notificar o incidente á Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

## **2.6. Encargo de Tratamento.**

Autorízase a intervención de encargados de tratamento, respectando en todo caso as condicións indicadas para iso no artigo 28 do RXPDP.

## **2.7. Colaboración**

As partes quedan obrigadas a colaborar entre elas e a poñer ao dispor do corresponsable que o solicite toda a información da que se dispoña para cumprir coa normativa en protección de datos, incluíndo o apoio na realización de avaliacións de impacto na protección de datos, no seu caso, inspeccións ou auditorías.